

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7ª,  
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,  
GANDARÍA E MONTES**

Día: 28.03.2018      Hora: 10:30

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 28 de marzo de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto único: Proposicións non de lei**

- 1.1 20226 (10/PNC-001644)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prevención e extinción dos incendios forestais, así como respecto da elaboración do Pladiga anual  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 215, do 22.11.2017*
- 1.2 20566 (10/PNC-001675)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis  
Sobre o incremento polo Goberno galego dos programas formativos encamiñados a preparar axeitadamente os membros dos distintos colectivos do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais, co fin de facer fronte ás novas tipoloxías do lume  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 219, do 29.11.2017*
- 1.3 25652 (10/PNC-001978)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos danos que está a ocasionar o xabaril nas explotacións agrarias e gandeiras e, en xeral, en todo o agro galego  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 260, do 14.02.2018*
- 1.4 26219 (10/PNC-002023)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David  
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa reforma e mellora da aplicación da Lei 35/2011, de titularidade compartida das explotacións, así como as actuacións que debe levar a cabo en relación coa repartición dos tempos de traballo entre

mulleres e homes e as dificultades de acceso aos servizos públicos relacionados co traballo que hai nas zonas rurais de Galicia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 264, do 21.02.2018*

- 1.5 26865 (10/PNC-002072)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula  
Sobre o aumento pola Xunta de Galicia ata 10.000 do número de alumnas e alumnos que van recibir charlas formativas de concienciación medioambiental, segundo o reflectido no punto 6.3.2 do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 272, do 07.03.2018*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2018

Moisés Blanco Paradelo  
Presidente da Comisión

**Asinado dixitalmente por:**

**Moisés Blanco Paradelo na data 21/03/2018 17:19:34**

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidente	
Moisés Blanco Paradelo	P
Vicepresidente	
Daniel Vega Pérez	P
Secretario	
José Manuel Pérez Seco	S

## Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
Paula Quinteiro Araújo	EM
José Antonio Quiroga Díaz	S
José Luis Rivas Cruz	BNG
David Rodríguez Estévez	EM

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 28.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 28.03.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 20226(10/PNC-001644)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prevención e extinción dos incendios forestais, así como respecto da elaboración do Pladiga anual

*Publicación da iniciativa, 215, 22.11.2017*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/11/2017 13:48  
Nº Rexistro: 20226  
Data envío: 14/11/2017 13:48:07.899

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este ano que finaliza foi presentado o Pladiga en plena temporada de risco de lumes o que supón unha contradición, pois se se trata dun plan con propostas e solucións de cara á prevención e extinción de lumes, o lóxico sería que dese tempo a esa prevención e a preparar o operativo de extinción en tempo.

Tamén é de destacar que o Pladiga, ano tras ano, consolídase coma un corta e pega con poucas novidades dun ano para outro, elaborado por unha empresa e que dá coma resultado un documento que so serve para aparentar que se fai o que non se fai.

Ó noso entender, o PLADIGA debe ser o resultado da avaliación e reflexión sería sobre a temporada anterior analizando e avaliando a prevención feita, o comportamento do dispositivo de extinción, metereoloxía, condicións climáticas, número de lumes, virulencia dos mesmos, superficie queimada... Reflexión e avaliación que deba ser feita polos axentes sociais relacionados co monte e co variopinto operativo de prevención e extinción...que tras os pertinentes informes e reunións de debate puideran sacar á luz un Pladiga operativo, que respondese a unha realidade cambiante e que fose o instrumento estrela para a temporada seguinte.

Sería tamén acaído que ó longo do inverno fosen feitas inspeccións formais sobre o estado dos montes atendendo ó risco de propagación de incendios, franxas de protección a núcleos e infraestruturas e se rendesen informes do mesmo atendendo á estrutura de distritos forestais, e grazas a eles fosen informados os propietarios dos montes que tivesen algún incumprimento ou situación de risco.

Nesta mesma liña e atendendo a unha prevención necesaria previa ó período de risco, as subvencións para prevención de lumes deberan saíren en tempo, é dicir a primeiros de inverno e deberan tamén seren resoltas con tempo dabondo para materializalas en época de baixo risco de lumes, non dándose o paradoxo de estar facendo prevención en plena época de perigo.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

- Realizar inspeccións sobre os montes desde o punto de vista dos riscos de propagación de lumes, elaborando un informe por distritos previo ó Pladiga, e poñendo en coñecemento dos propietarios as deficiencias ou incumprimentos observados.

- Sacar en tempo as subvencións para prevención de lumes de xeito que dea tempo suficiente a materializala antes da temporada de risco.

- Que o Pladiga sexa o resultado dunha reflexión seria sobre a temporada anterior analizando e avaliando a prevención feita e o comportamento do dispositivo, metereoloxía, condicións climáticas, número de lumes, virulencia dos mesmos, superficie queimada.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/11/2017 13:48**  
**Nº Rexistro: 20226**

Data envío: 14/11/2017 13:48:07.899

- Que esta reflexión e avaliación deben ser realizadas polas organizacións sociais relacionadas co monte, co variopinto operativo de prevención e extinción, emerxencias.

- Que o Pladiga resultante sexa publicado nos meses de marzo ou abril todo máis tardar, antes do comezo da temporada de risco.”

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 14/11/2017 13:44:48**

**Noa Presas Bergantiños na data 14/11/2017 13:44:53**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/11/2017 13:48**  
**Nº Rexistro: 20226**

Data envío: 14/11/2017 13:48:07.899

**María Montserrat Prado Cores na data 14/11/2017 13:44:57**

**Olalla Rodil Fernández na data 14/11/2017 13:44:59**

**Xosé Luis Bará Torres na data 14/11/2017 13:45:02**

**Ana Pontón Mondelo na data 14/11/2017 13:45:05**

**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 28.03.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.2 20566(10/PNC-001675)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre o incremento polo Goberno galego dos programas formativos encamiñados a preparar axeitadamente os membros dos distintos colectivos do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais, co fin de facer fronte ás novas tipoloxías do lume

*Publicación da iniciativa, 219, 29.11.2017*



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco, José Antonio Quiroga Díaz e da súa deputada, Patricia Vilán Lorenzo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

O problema dos lumes en Galicia non é un problema novo. De maneira continuada véñense producindo feitos e situacións que alimentan e favorecen a aparición de lumes no monte e en todo tipo de terreos. O descoido e desleixo das labores de coidado do monte e terras agropecuarias supón un elemento de gran perigo, é un factor tremendamente facilitador da aparición e, sobre todo, da propagación dos lumes. É imprescindible levar a cabo unha política de prevención eficiente, con investimentos decididos e realmente comprometidos, que aposte polo coidado e o mantemento concienciado en colaboración coas comunidades de montes, concellos, deputacións, agrupacións ecoloxistas, distintas organizacións e todos os niveis da Administración e dos distintos colectivos.

A extensión e proliferación dos lumes que afectaron a boa parte da xeografía galega, nomeadamente nas provincias de Pontevedra, Ourense e Lugo, tiveron un impacto desastroso a todos os niveis, destacando, en primeiro lugar, o nivel familiar e comunitario (ca perda de vidas humanas na catástrofe); o nivel medio ambiental (afectando a espazos naturais, bosques, fauna, etc) e o socioeconómico (con especial impacto no rural, afectando a moitos postos de traballo, vivendas, infraestruturas, etc).

A gran cantidade de lumes, que se deron nesa fin de semana negra para Galicia, sumada ás condicións meteorolóxicas adversas, supuxeron unha nova desgraza para o país, para a súa riqueza medioambiental, social, económica e, incluso, para a nosa propia idiosincrasia, atacando a nosa propia percepción sobre o coidado do medio ambiente e da nosa terra. Esta calamidade foi capaz de sacar o mellor dos galegos e galegas tratando de atallar os diversos focos que se ían propagando e prendendo ao longo e ancho do noso territorio.



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/11/2017 18:00  
Nº Rexistro: 20566  
Data envío: 22/11/2017 18:00:13.395



#### Grupo Parlamentario

Se un está atento a queixas e reivindicacións dos representantes do servizo público de incendios ou si un fala con calquera membro deste servizo atoparase coa queixa da escasa formación que reciben, sobre todo tendo en conta a evolución dos lumes nas últimas décadas onde a irrupción dos lumes nos ámbitos urbanos e interurbanos cada vez son máis frecuentes ao igual que outras tipoloxías de lumes.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a incrementar os programas formativos encamiñados a preparar adecuadamente aos membros dos distintos colectivos do servizo público de incendios para facerlle fronte ás novas tipoloxías do lume.

Pazo do Parlamento, 22 de novembro de 2017

#### Asinado dixitalmente por:

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 22/11/2017 17:29:43**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 22/11/2017 17:29:53**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 22/11/2017 17:30:03**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/11/2017 17:30:12**

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 28.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 25652(10/PNC-001978)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos danos que está a ocasionar o xabaril nas explotacións agrarias e gandeiras e, en xeral, en todo o agro galego

*Publicación da iniciativa, 260, 14.02.2018*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/02/2018 18:16**  
**Nº Rexistro: 25652**  
Data envío: 07/02/2018 18:16:57.191

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A explosión demográfica do porco bravo arredor dos anos 80 coincide coa expansión de praderías, cultivos e a peste do eucalipto. Alimento e acubillo en aumento.

As explotacións agrarias e gandeiras galegas e en xeral todo o campo galego vén sufrindo cada vez máis intensamente danos ocasionados pola fauna salvaxe, cunha incidencia enorme no caso do porco bravo. Os danos que este animal ocasiona nos millos, praderías, patacas..., son considerables.

A sociedade destes tempos pide e esixe cada vez con maior intensidade o respecto pola fauna en xeral e medidas conservacionistas. Harmonizar os intereses aparentemente encontrados dos agricultores e gandeiros e da conservación da fauna semella labor imposible. Non é así.

Mais os danos a cultivos son reais e o abandono da Consellería tamén. Ademais das outras medidas que serán obxecto doutra iniciativa e que deberan dar resultados a longo prazo, o certo é que os agricultores reclaman axudas paliativas dos danos ocasionados ademais das outras que controlen a poboación. Non falamos de lazo e



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/02/2018 18:16**  
**Nº Rexistro: 25652**

Data envío: 07/02/2018 18:16:57.191

escopeta que demostraron que lonxe de minimizar o problema e controla-la poboación, esta aumenta de xeito alarmante.

Botamos en falta unhas e outras. O motivo desta iniciativa é recupera-las liñas de axudas que reparen os danos que o porco bravo ocasiona nos cultivos e propiedades dos agricultores e máis nas estradas. Neste contexto faise incomprendible que a Xunta de Galiza deixase de pagar axudas polos danos ocasionados por este animal.

É por isto que o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta a:

- Habilitar de xeito urxente un fondo de danos e unha liña de axudas de compensación que cubra os derrames ocasionados polo porco bravo, incluídas as perdas de colleitas e a rehabilitación das zonas afectadas.

- Establecer unha serie de medidas de apoio á actividade agraria e gandeira e de desenvolvemento rural que axuden a ordena-la actividade agraria e o territorio para modera-lo censo demográfico do xabarán.”

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**  
**Montserrat Prado Cores**  
**Noa Presas Bergantiños**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/02/2018 18:16**  
**Nº Rexistro: 25652**

Data envío: 07/02/2018 18:16:57.191

**Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 07/02/2018 18:16:22**

**María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2018 18:16:26**

**Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2018 18:16:30**

**Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2018 18:16:31**

**Xosé Luis Bará Torres na data 07/02/2018 18:16:32**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/02/2018 18:16:39**

**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 28.03.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.4 26219(10/PNC-002023)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa reforma e mellora da aplicación da Lei 35/2011, de titularidade compartida das explotacións, así como as actuacións que debe levar a cabo en relación coa repartición dos tempos de traballo entre mulleres e homes e as dificultades de acceso aos servizos públicos relacionados co traballo que hai nas zonas rurais de Galicia

*Publicación da iniciativa, 264, 21.02.2018*

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araujo** e do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.<sup>a</sup>**

### Exposición de motivos

O noso rural afronta unha crise profunda ante a que é preciso tomar medidas. A situación na que se atopan as mulleres é especialmente preocupante xa que as desigualdades véñse agravadas polo condicionante do xénero.

Unha das situacións que debe solventarse é a cuestión da Titularidade das explotacións. O 5 de xaneiro do ano 2012 entraba en vigor a Lei de Titularidade Compartida das Explotacións, Lei 35/2011, para dar unha solución á flagrante desigualdade que padecen milleiros de labregas que non son titulares da explotación na que traballan.

Ese ano, calculábase que habería no noso País arredor de 35.000 mulleres nesta situación. Pero dende aquela, só se deron de alta como titulares de explotación en Galicia, acolléndose a esta Lei, 17 mulleres. Polo que queda de manifesto que falta desenvolvemento e aplicación desta normativa.

Isto pon sobre a mesa que é necesario divulgar máis as opcións que teñen as labregas e tamén formar especificamente a funcionarios e funcionarias para que asesoren e acompañen nos trámites as persoas interesadas.

Ademais, as mulleres, en demasiadas ocasións realizan un dobre traballo, un deles, o dos fogares, invisibilizado e infravalorado, económica e socialmente. Co



pretexto da crise económica moitos servizos que facilitaban os coidados desapareceron ou reduciron as súas prestacións, facendo especialmente difícil o acceso a este tipo de servizos nas zonas rurais.

Para erradicar as desigualdades compre facer, en primeiro lugar, unha boa diagnose da situación para por en marcha todas as medias necesarias para remedialas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1 Que inste ao Goberno central para que impulse a reforma da Lei de Titularidade Compartida en coherencia coa reforma do sistema especial agrario da seguridade social de maneira que a cotización das mulleres cotitulares, ademais de contar coas bonificacións oportunas, sexan acordes co nivel de renda das explotacións agrarias de maneira que se supriman as barreiras que puideran existir por esta razón.
2. Que inste ao Goberno central para que impulse a reforma da Lei de Titularidade Compartida en coherencia coa reforma do sistema especial agrario da seguridade social para que as cotizacións das mulleres cotitulares das explotacións agrarias computen de maneira adecuada a efectos de xubilación.
3. Que inste ao Goberno central para que poña en marcha as modificacións lexislativas necesarias para que todas as explotacións agrarias que teñan un só cónxuxe como titular pasen a ter titularidade compartida de oficio.
4. Realizar un Plan de accións que melloren a aplicación da Lei 35/2011 de Titularidade Compartida das Explotacións, que se inicie no ano 2018 e que contemple cando menos:

- a) Levar a cabo unha campaña de difusión ampla da Lei e das opcións que teñen as labregas.
- b). Facer un estudo para avaliar as causas que poden estar provocando o fracaso da aplicación de dita lei.
- c) Por en marcha un programa de formación específico para funcionarios e funcionarias para asesorar e acompañar nos trámites da titularidade compartida ás persoas interesadas.

5. Realizar un estudo para avaliar o reparto dos tempos de traballo nas zonas rurais de Galicia entre homes e mulleres, así como para analizar as dificultades no acceso os servizos públicos relacionados co traballo de coidados que se produce nestas zonas. Incluindo como mínimo nesa avaliación o acceso aos centros de día e ás garderías públicas de 0-3 anos, co fin de elaborar despois un Plan de actuacións para dotar de forma suficiente as comarcas rurais galegas.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Davide Rodríguez Estévez,

Voceiro do G.P. de En Marea

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/02/2018 11:26**  
**Nº Rexistro: 26219**  
Data envío: 15/02/2018 11:26:15.042



**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 15/02/2018 11:20:00**

**David Rodríguez Estévez na data 15/02/2018 11:20:11**

**Luis Villares Naveira na data 15/02/2018 11:20:17**

**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 28.03.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.5 26865(10/PNC-002072)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre o aumento pola Xunta de Galicia ata 10.000 do número de alumnas e alumnos que van recibir charlas formativas de concienciación medioambiental, segundo o reflectido no punto 6.3.2 do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia

*Publicación da iniciativa, 272, 07.03.2018*



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez** e da súa deputada **Paula Quinteiro Araujo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.<sup>a</sup>**, relativa a incrementar o número de centros e alumnos e alumnas que deixaron de recibir actividades formativas e educativas sobre os incendios forestais.

### Exposición de motivos

A prevención constitúe unha das bases fundamentais na loita contra os incendios forestais. Esta defínese como o conxunto de accións encamiñadas a eliminar os riscos que poden ser orixe dos lumes e da súa propagación.

O Plan de prevención da Dirección Xeral de Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural inclúe a regulación do uso do lume, as accións sociolóxicas e de educación ambiental, os sistemas de alerta preventiva, a silvicultura preventiva, a creación e mellora de infraestruturas de defensa e accións de mellora da xestión forestal e das súas producións, que redunden nun incremento do valor do monte.

O obxectivo do Plan de prevención é levar a cabo accións tendentes a evitar que o lume se produza, e en caso de producirse, minimizar os danos causados pola súa propagación.

Para acadar os obxectivos o Plan de prevención estrutúrase a través de accións dirixidas á poboación e de accións dirixidas ao territorio. O propio PLADIGA, no punto 6.3. (accións dirixidas á poboación) di que estas accións levaranse a cabo a través de accións sociolóxicas e de educación ambiental.





No punto 6.3.2. (accións sociolóxicas e de educación ambiental) di que se realizarán actividades formativas e educativas, principalmente nos ámbitos escolar e rural, resaltando os valores naturais, sociais e económicos dos nosos montes e o seu carácter fundamental de recurso endóxico de Galicia.

No Pladiga 2017, podemos observar como baixaron o número de charlas impartidas nos centros de formación durante o ano 2016 respecto ao ano 2015 chegando a preto de 2000 nenos e nenas menos.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a incrementar ata 10.000 o número de alumnas e alumnos que recibirán charlas formativas de concienciación medioambiental tal como se recolle no punto 6.3.2. do Pladiga.

Santiago de Compostela a 23 de febreiro de 2018

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Quinteiro Araujo,

Voceiro do G.P. de En Marea

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 23/02/2018 12:33:19**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/02/2018 12:37**  
**Nº Rexistro: 26865**  
Data envío: 23/02/2018 12:37:51.804



**Paula Quinteiro Araújo na data 23/02/2018 12:33:27**

**Luis Villares Naveira na data 23/02/2018 12:33:40**